

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA (IGCC) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA, PARA A REALIZACIÓN EN CONCELLOS GALEGOS E MEDIANTE REDES SOCIAIS DUNHA ACTIVIDADE FORMATIVA PRÁCTICA CENTRADA NO AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO FOGAR, CON ESENCIAL INCIDENCIA EN CONSEGUIR O MAIOR AFORRO POSIBLE NA FACTURA ELÉCTRICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou coa Fundación Sotavento Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día seguinte a súa sinatura ata o 15 de abril de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega, e a Fundación Sotavento Galicia para a realización de actividades na Feira da Enerxía de Galicia que se celebrará os días 22, 23, e 24 de marzo de 2018 con unha finalidade pedagóxica e divulgativa do mundo da enerxía.

O contido das actividades a desenvolver dentro deste convenio son as seguintes:

- Elaborar e incorporar un stand onde se crearán unhas áreas específicas sobre: Enerxías renovables, transporte e acumulación de electricidade, eficiencia e aforro enerxético, área de mobilidade sostible, área de obradoiros con talleres para alumnos de centros de primaria.
- Labor pedagóxica e divulgativa realizada por 6 educadores especializados en divulgación de temas enerxéticos.
- Xestionar e coordinar as visitas de centros educativos ó stand, realizar talleres e visitas guiadas pola exposición “un mundo de enerxía”.
- Medios audiovisuais para proxectar nunha pantalla de plasma.
- Folletos e material promocional do Inega.



- Por a disposición un vehículo eléctrico para demostracións da mobilidade eléctrica. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no desenvolvemento de actividades de interese xeral en materia de enerxía, realizando actuacións de promoción, divulgación e potenciación dos principais sectores enerxéticos, que permitan acadar a maior repercusión posible entre o sector empresarial, profesional e a poboación galega e mediante a posta en marcha de actuacións orientadas ao aforro enerxético como: o asesoramento para a aplicación da tarifa eléctrica máis beneficiosa en función das súas características de potencia e consumo, a conducción de vehículos eléctricos..., razóns polas cales ambas institucións consideran moi conveniente asinar este convenio.

Todas estas actuacións que vai desenvolver o Inega e a Fundación Sotavento Galicia, en virtude da colaboración, enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

